

## **PROPOSTAS MELLORA II CONVENIO**

1. Todos os traballadores e traballadoras da Universidade de Vigo teñen que estar incluídos no ámbito persoal do Convenio. O Convenio ten que contar cunha disposición adicional que permita a súa aplicación parcial ao persoal que non poida estar amparado pola totalidade do articulado. Na primeira reunión da Comisión Paritaria (convocada antes de que transcorran 15 días tras a publicación no DOG do texto) a xerencia e os sindicatos asinantes terán que definir que partes do Convenio lle son de aplicación a estes colectivos.
2. Renegociación das partes da proposta que se corresponden cos capítulos IV (Organización do traballo) e V (Provisión, selección e contratación temporal) do Iº Convenio.
3. Inclusión dunha cláusula que limite a contratación temporal a un máximo do 10%.
4. Propomos os seguinte niveis de equiparación salarial entre laborais e funcionarios, non é de recibo homologar as categorías salariais a postos base funcionarios:
  - Grupo V desaparición de este grupo e procesos de transformacións.
  - Grupo IV base equiparado a un D 18
  - Grupo III base equiparado a un C 18
  - Grupo II base equiparado a un B 21
  - Grupo I base equiparado a un A 23
5. Recoñecemento ao persoal de conserxería como o único persoal que fai sábados regularmente. Pagamento deste servizo.
6. Aplicación inmediata do plan concilia, naqueles puntos que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.
7. Inicio inmediato da negociación da nova RPT, na que:
  - Se solucionen as actuais deficiencias de persoal preferentemente en conserxerías e bibliotecas.
  - Se eliminen os ámbitos e se esixa que haxa un responsable da área de conserxería en cada centro.
  - Se incorporen e doten, os servizos estruturais xa existentes ( ORI, OMA, Normalización lingüística, calidade, OFOE, Gabinete psicopedagóxico ...).
  - Para realizar estas incorporacións é preciso habilitar partidas específicas tal e como se está a facer no plan de estabilización do PDI.
  - Se posibilite a promoción a TMATIC, segundo os procedementos establecidos no Convenio, de todas as prazas de TETIC adscritas ao servizo informáticos de investigación.

- Se cree a categoría de grupo II de TGMADI. Facer depender a todos os técnicos desta categoría dunha mesma estrutura funcional. Buscar a través da formación a polivalencia e facilitar así os traslados deste colectivo.
- Posibilitar a promoción a este grupo, segundo os procedementos establecidos no Convenio, a todos os TE de laboratorio.
- Se cree un servizo de mantemento das instalacións. O persoal deste servizo sería seleccionado por promoción interna. Os técnicos especialistas de mantemento estarían equiparados a un C-20 máis a dispoñibilidade horaria.

8. Modificación dos seguintes artigos:

- Artigo 14 Cuarto. Engadir tamén acordo
- Artigo 15 Quinto. Suprimir.
- Artigo 16 C). Eliminar con descanso.
- Artigo 24 A 1ª. Subir a xornada partida a 3.000 €
- Artigo 29 B. Revisar este artigo a proposta que se fai é menos beneficiosa que a que aparece no Iº Convenio. O plan de xubilación voluntaria para o PDI supón para un traballador que teña 60 anos e 35 de cotización a posibilidade de xubilarse co cen por cen e cobrar por cada ano que lle falta ata a xubilación case 20.000 €

13 de xuño de 2006